

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Camba Mejuto

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a nove de febreiro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as nove horas trinta

minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 2 de febreiro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 25 de novembro de 2020 (RE-E núm. 419), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID

REPRESENTANTES	ANA MARÍA SALGADO LÓPEZ FRANCISCO JAVIER RAMOS DÍAZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	SUBSTITUCIÓN DE APOIOS EXISTENTES EN LIÑA ELÉCTRICA
LUGAR	PROXIMIDADES DO LUGAR DA TORRE DE CARBOENTES
PARROQUIA	ARNEGO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE AUGAS
RFA. CATASTRAL DAS PARCELAS	36047A125001470000LY 36047A125001450000LA
DOCUMENTO TÉCNICO	Proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona Herminia López Caamaño, de data 15/09/20
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	10.992,05 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 03/02/22)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 10/12/21)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS DEZANOVE EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (219,84 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

— Mónica Quintá González

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 9 de xuño de 2021 (RE núm. 880), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MÓNICA QUINTÁ GONZÁLEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE XABALDE, PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE CAMBA

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	CEBADEIRO DE PORCINO
REFER. CATASTRAL PARCELAS	36047A036001190000PQ 36047A036001220000PQ 36047A036001200000PY
LUGAR	XABALDE
PARROQUIA	SAN SALVADOR DE CAMBA
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO XGL DO 22/09/17)
TRÁMITE AMBIENTAL	SI (DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DE DATA 09/05/17 – EXPTE. NÚM. ██████████)
REGA	██████████
CAPACIDADE AUTORIZADA	743 PORCOS

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra e anexos asinados polo enxeñeiro técnico agrícola Don Francisco Pérez Donsión (visado colexial núm. ██████████, do 02/04/19 e anexos de datas 23/09/19 e 04/03/20).
- Acta de comprobación favorable de data 04/02/22.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Gandaría da Consellería do Medio Rural en Pontevedra para a súa constancia e aos efectos oportunos.

4.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) 2022

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG núm. 21, do 01/02/22) e a conveniencia de solicitar dita axuda para a contratación de dous postos de traballo (1 enxeñeiro/a forestal e 1 peón forestal), a tempo completo por un período de nove meses, para a realización de diversos programas de interese social e municipal.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade unha axuda económica, por importe total de TRINTA E UN MIL CATROCIENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (31.458,15 €), para a contratación de dous traballadores/as para o desenvolvemento do servizo denominado *“Xestión sostible do patrimonio forestal”*.

Segundo.- Aprobar a memoria do servizo que van realizar os/as traballadores/as, redactada polos servizos municipais.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Para as retribucións dos/as traballadores/as a contratar ao abeiro da presente Orde será de aplicación o I Convenio estatal para o sector de actividades forestais (BOE núm. 165, do 11/07/19).

Sétimo.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

5.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG núm. 21, do 01/02/22), e a conveniencia de solicitar as devanditas axudas para a contratación de dous traballadores/as (socorristas para a piscina municipal), para o desenvolvemento do proxecto de obra e servizo que deseguido se relaciona.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o seguinte proxecto de obra e servizo:

DENOMINACIÓN	NÚM. TRABALLADORES/AS	XORNADA	DURACIÓN
Programa de socorrismo e salvamento	2	100 %	3 meses

Segundo.- Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade unha subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra e servizo.

Terceiro.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Cuarto.- Para as retribucións dos traballadores a contratar ao abeiro da presente orde será de aplicación o seguinte convenio colectivo: IV Convenio colectivo de instalacións deportivas e ximnasios de Galicia (DOG núm. 134, do 07/07/20).

Quinto.- Solicitar autorización para a contratación anticipada dun (1) dos postos de traballadores desempregados solicitados, de conformidade co establecido no artigo 16 da Orde da convocatoria.

Sexto- Facultar expresamente ao alcalde do Concello para que, na representación desta entidade local, asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

6.- DACIÓN DE CONTA DOS/AS PREMIADOS/AS NO XVI CONCURSO INFANTIL E XUVENIL DE POSTAIS DE NADAL

De conformidade co establecido nas Bases do XVI Concurso infantil e xuvenil de postais de Nadal, infórmase aos Sres. concelleiros membros da Xunta de Goberno Local que o xurado cualificador, reunido o pasado día 4 de febreiro do corrente, acordou conceder os seguintes premios:

CATEGORÍA I (ata 5 anos)

- Primeiro premio: Candela García Dosil
- Segundo premio: Claudia Fernández Areán
- Terceiro premio: León Sánchez Taboada

CATEGORÍA II (ata 9 anos)

- Primeiro premio: Ángela Faílde Fafián
- Segundo premio: Xiana Alarcón Pose
- Terceiro premio: Sara Valladares Gamallo

CATEGORÍA III (ata 18 anos)

- Primeiro premio: Nancy Sobrado Vázquez
- Segundo premio: Karina de Almeida Diéguez
- Terceiro premio: Deserto

7.- ALTA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF), MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA, MOTIVADA POR RAZÓNS DE URXENTE NECESIDADE DEBIDAMENTE XUSTIFICADAS

ANTECEDENTES

Con data 8 de febreiro do corrente a traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez emite informe solicitando a alta de oficio no Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), modalidade de libre concorrencia, dunha veciña deste Concello por mor de razóns de extrema e urxente necesidade que xustifica no devandito informe.

FUNDAMENTACIÓN LEGAL

O artigo 15.2 c) da Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), aprobada polo Pleno do Concello en data 26/10/15 e publicada no BOP núm. 250, do 30/12/15, dispón textualmente: *“No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do alcalde ou do membro da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais comunitarios, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria”*.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Autorizar, por razóns de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, o inicio de oficio da prestación do SAF, modalidade de libre concorrencia, a favor da seguinte usuaria:

NOME E APELIDOS: María González Neira

DNI: [REDACTED]

DOMICILIO: Lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos

Segundo.- O servizo poderá iniciarse dende a día da data do presente acordo e terá validez mentres se manteña a situación exposta, co límite temporal dun mes (Anexo XIII da Ordenanza). A desaparición da situación que o motiva ou o transcurso do prazo límite levará consigo a extinción automática do servizo de urxencia e a tramitación pola vía ordinaria, de ser o caso.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 722,66 € E 123,42 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 22A128 e 22A129 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 747,96 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 000264.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 274,67 € E 130,44 €
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6T70001429 e TA6T70001430 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,50 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-B2DD-042609 e 28-B2U1-116420 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 62,42 € E 41,73 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de xaneiro de 2022, s/facturas núm. 4003325681 4003315125 (FACe).
- INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD S.L. 837,32 €
Honorarios por control de calidade de obra incluída no Plan Marco 2021-2022, s/factura núm. 2022.A.29 (FACe).

- FERRODEIRO S.L. 607,03 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 000263.
- M^a JOSEFA FERNÁNDEZ MOURE 2.571,55 €
Por adquisición de agasallos para os nenos en Reis Magos, s/factura núm. 488.
- M^a JOSEFA FERNÁNDEZ MOURE 138,70 €
Por subministro de materiais de artesanía para o campamento de Nadal, s/factura núm. 484.
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 3.443,18 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041154662 (FACe).
- CANTERAS DE RICHINOL S.L 758,19 €
Por subministro de grava para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000009 (FACe).
- CANTERAS DEL ARENAL S.L 150,66 €
Por subministro de grava para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000011 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)